


**PLAN de ACCIÓN TITORIAL da
FACULTADE de QUÍMICA**



ÍNDICE

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULDADE DE QUÍMICA	3
1. Obxectivo	3
2. Actividades, destinatarios e responsables	3
I. Programa de Alumnado Titor	4
1. Obxectivo	4
2. Unidade organizativa e cargos responsables	4
3. Destinatarios.....	4
4. Descrición do Programa.....	4
5. Planificación de actividades	4
6. Indicadores de Seguimento	4
II. Apoio Titorial Extraordinario	5
1. Obxectivo	5
2. Unidade organizativa responsable	5
3. Destinatarios.....	5
4. Descrición da Actividade	5
5. Indicadores de Seguimento	5
III. Titorización de alumnado do Grao en risco de abandono	6
1. Obxectivo	6
2. Unidade organizativa e cargos responsables	6
3. Destinatarios.....	6
4. Descrición da actividade	6
5. Indicadores de Seguimento	6
IV. Actividades de Orientación e Formación	7
1. Obxectivos	7
2. Unidade organizativa e cargos responsables.....	7
3. Destinatarios.....	7
4. Descrición da actividade.....	7
4.1. GRAO EN QUÍMICA.....	7
4.2. TITULACIÓNS DE MÁSTER IMPARTIDAS NA FACULDADE DE QUÍMICA	9
5. Indicadores de Seguimento	10
3. Seguimento e Revisión do PAT	10

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULTADE DE QUÍMICA

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Química recolle o conxunto de accións planificadas para acoller, guiar, orientar e acompañar ao alumnado durante os seus estudos universitarios.

Pretende facilitar a integración na Institución e servir de ponte entre o alumnado e os diferentes servizos. Ademais contribúe a personalizar a educación universitaria e dá soporte ao alumnado no seu proceso de formación nas titulacións que se imparten no Centro: Grao en Química, Dobre Grao en Física e Química, Dobre Grao en Química e Bioloxía, Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial, Máster en Química Orgánica, Máster en Química Teórica e Modelización Computacional e Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais.

As accións que integran o PAT planifícanse, desenvólvense e avalíanse segundo o proceso *PC-03 Apoio a estudantes* do *Manual de procesos* da Facultade de Química.

O PAT da Facultade de Química aprobouse na Comisión de Calidade do Centro con data do 17 de decembro de 2021, e posteriormente na Xunta de Facultade con data 19 de xaneiro de 2022.

1. Obxectivo

Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para o estudantado dos títulos que se imparten na Facultade.

2. Actividades, destinatarios e responsables

O Plan de Acción Titorial da Facultade de Química aglutínase en catro tipos de actividades ou programas que se detallarán nos seguintes apartados:

- I. **Programa de Alumnado Titor**
- II. **Apoio Titorial Extraordinario**
- III. **Titorización de alumnado do Grao en risco de abandono**
- IV. **Actividades de Orientación e Formación**

Destes, os dous primeiros (dirixidos ao alumnado do Grao) teñen carácter institucional: o **Programa de Alumnado Titor** réxese pola convocatoria feita polo Programa A Ponte da USC e o **Apoio Titorial Extraordinario** é responsabilidade do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC.

Apoiándose nestes dous programas organizados con carácter xeral pola USC, o Centro fará especial fincapé nas dúas seguintes actividades: **Titorización de alumnado do Grao en risco de abandono** e **Actividades de Orientación e Formación**, nas que plasmará as accións específicas para o estudantado dos títulos de Grao e Máster que se imparten no mesmo.

I. Programa de Alumnado Titor

Este programa réxese pola convocatoria anual feita polo Programa A Ponte da USC. Está dirixido ao estudiantado da USC que queira exercer como titor e titora do novo alumnado que se incorpora a Universidade.

1. Obxectivo

Formación de alumnado que cursa estudos en cursos avanzados para que poida exercer como titor doutro estudiantado de cursos inferiores. Ademais, este alumnado poderá colaborar en actividades de promoción das titulacións do Centro.

2. Unidade organizativa e cargos responsables

A Facultade de Química, a través da decana e a coordinadora do Programa A Ponte en Química, xunto co Programa A Ponte, son os encargados de executar este programa.

3. Destinatarios

O alumnado titor é un estudante matriculado no Grao en Química, preferiblemente de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora ao Centro, tratando de favorecer a súa integración.

4. Descrición do Programa

O programa estrutúrase en dous cursos: o primeiro é un curso teórico no que se forma ao alumnado nas técnicas precisas para poder orientar ao estudiantado de novo ingreso na USC. No segundo curso o alumnado exerce os labores propios de titor, colabora nas actividades do Programa A Ponte, colabora na acollida ao estudiantado estranxeiro, desenvolve apoio para o Servizo de Voluntariado, etc.

A participación nesta actividade ten un recoñecemento académico de 6 ECTS.

5. Planificación de actividades

O alumnado titor participará activamente nas seguintes actividades:

- a) Recepción do alumnado de novo ingreso e de programas de intercambio; formación de grupos de contacto. Actividades informativas para o estudiantado novo.
- b) Participación na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia.
- c) Participación nas visitas de alumnado de secundaria ás instalacións da USC.
- d) Publicitar o Programa de Titores.

6. Indicadores de Seguimento

Os indicadores para seguir o desenvolvemento do Programa de Alumnado Titor serán o *número de solicitudes*, o *número de alumnado titor*, así como o *número de actividades desenvolvidas* ao longo do curso polo alumnado titor.

Na convocatoria establécese que o número máximo de alumnado participante neste programa é de 4 por titulación e este é o número que convoca sempre a Facultade.

II. Apoio Titorial Extraordinario

Esta actividade réxese pola convocatoria feita polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC en cada curso académico.

1. Obxectivo

Axudar a o estudiantado a superar aquelas materias que lle presenten especiais dificultades.

2. Unidade organizativa responsable

O Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica é o responsable de xestionar esta actividade e os Departamentos implicados na docencia son os responsables de executala seguindo as instrucións establecidas na convocatoria.

Nesta actividade, o Centro límitase a dar traslado das solicitudes recibidas aos Departamentos e comunicar a información ou consultas recibidas.

3. Destinatarios

Alumnado matriculado en calquera titulación oficial da USC, agás nas de posgrao, que reúna os requisitos establecidos na convocatoria.

4. Descrición da Actividade

Na convocatoria establécense os requisitos que debe cumprir o alumnado para poder solicitala, prazos de solicitude, actuación dos órganos que interveñen no procedemento (Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador, Centros, UXA, Directores dos Departamentos e Profesores Titores), elaboración das Actas, etc.

De acordo coa convocatoria, a Facultade de Química corresponderalle unicamente dar traslado ás solicitudes recibidas aos Departamentos e informalos de calquera consulta que teña que ver cos solicitantes e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria anual.

A metodoloxía de aprendizaxe establecerase entre o profesor-titor e o alumno.

5. Indicadores de Seguimento

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Apoio Titorial Extraordinario serán o *número de alumnado titorizado*, así como a *porcentaxe que supera a materia titorizada*.

III. Titorización de alumnado do Grao en risco de abandono

1. Obxectivo

Evitar o abandono do alumnado no primeiro curso e coñecer as causas do mesmo.

2. Unidade organizativa e cargos responsables

A Facultade de Química, a través da decana, o vicedecano e a coordinadora de Calidade.

3. Destinatarios

Alumnado matriculado no primeiro curso do Grao en Química e que no primeiro semestre non superara ningunha materia.

4. Descrición da actividade

Unha vez finalizados os exames do primeiro semestre do Grao en Química, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos envía unha lista do alumnado sen contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia.

O Centro, a través do vicedecano e a coordinadora de Calidade, porase en contacto con este alumnado para concertar unha entrevista individual.

Desta entrevista, e do expediente do alumno, recollerase información coa que logo se fará un informe sobre o perfil do estudiantado en risco de abandono e a súa incidencia.

5. Indicadores de Seguimento

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento da Titorización de Alumnado en Risco de Abandono serán o *nº de alumnado que vén ás entrevistas* e o *nº final de abandonos*.

IV. Actividades de Orientación e Formación

Nesta epígrafe recóllense todas as actividades dirixidas a favorecer a aprendizaxe e o desenvolvemento do alumnado (tanto de Grao como de Máster), dende a súa incorporación á Facultade ata a finalización dos seus estudos, así como á preparación para a súa futura vida laboral.

1. Obxectivos

- Facilitar ao estudantado a integración no sistema universitario.
- Facilitar información ao estudantado sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento dos plans de estudos, sistemas de traballo, horarios, sistema de avaliación, outras actividades académicas, etc.
- Dotar ao estudantado dun instrumento de orientación e apoio que lle facilite a base do seu propio proxecto académico.
- Orientar na traxectoria curricular.
- Informar sobre saídas profesionais.
- Buscar mecanismos de apoio e mellora para a comunicación entre o estudantado e entre o estudantado e o profesorado.

2. Unidade organizativa e cargos responsables

A Facultade de Química, a través da decana, do vicedecano, da coordinadora de Calidade e dos coordinadores dos Másters que se imparten no Centro.

3. Destinatarios

Alumnado do Grao, Dobres Graos e Másters.

4. Descrición da actividade

A realización destas actividades de Orientación e Formación estará condicionada pola situación sanitaria e as limitacións impostas pola pandemia do SARS-Cov-2.

4.1. **GRAO EN QUÍMICA**

As actuacións en orientación e titoría planificadas para o estudantado do Grao e dos dobres Graos que se imparten na Facultade son as seguintes:

ALUMNADO DE INICIO DE ESTUDOS

- Xornada de benvida para recibir ao estudantado de primeiro curso e de programas de intercambio.
 - No acto de acollida participan o equipo decanal, o profesor/a coordinador/a de primeiro curso, o profesor/a coordinador/a do programa A Ponte na Facultade, o alumnado titor do Programa A Ponte e a directora da Biblioteca. Proporcióname información sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento do plan de estudos que inicia, así como dos diferentes servizos que ofrece a USC de cara a facilitarlle a súa integración no sistema universitario.
 - Visita ás instalacións da Facultade co apoio do alumnado titor.
- Curso básico de seguridade no laboratorio. O curso está impartido pola coordinadora de primeiro curso e é obrigatorio obter unha cualificación de apto antes de comezar

as prácticas de laboratorio.

- Curso de competencias informacionais básico organizado pola directora da biblioteca da Facultade. As actividades a realizar son un test inicial, 5 módulos teóricos con exercicios en cada módulo e unha enquisa de satisfacción.

MOBILIDADE

- Charla informativa/orientación do coordinador/a do título e do responsable académico de mobilidade (RAM) sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio (en colaboración co SER, Servizo de Relacións Exteriores).
- Atención ao estudantado entrante para facilitarlle a integración no sistema universitario. Acción que realizará o coordinador/a do Título, RAM e alumnado titor.

PRÁCTICAS EXTERNAS

- Reunión informativa/orientación sobre a materia Prácticas Externas do coordinador/a na que se darán indicacións e resolveranse dúbidas.

TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG)

- Xornadas de presentación dos TFG. Xornadas de presentación na Aula Magna da Facultade na que o PDI presenta a súa oferta de proxectos de TFG.
- Curso avanzado de seguridade no laboratorio. Curso impartido en colaboración cos técnicos de laboratorio da Facultade. Obrigatorio obter unha cualificación de apto antes de comezar o TFG nos laboratorios dos grupos de investigación da Facultade.
- Curso de competencias informacionais avanzado organizado pola directora da biblioteca da Facultade. As actividades a realizar son un test inicial, 6 módulos teóricos con exercicios en cada módulo e test final, enquisa de satisfacción.
- Curso de Normativa, redacción e exposición oral de TFG. Curso no que profesorado da Facultade, en base á normativa de TFG, mostra os aspectos máis destacados da materia: normativa, datas, tribunais, avaliación, etc. Ademais detállanse as recomendacións para a redacción escrita da memoria e para a presentación oral.

ACTUACIÓNS NA FINALIZACIÓN DE ESTUDOS

- Orientación sobre saídas profesionais
 - Información sobre busca de emprego e emprendemento. Área de Orientación Laboral da USC.
 - Cursos de orientación laboral (Linkedin, etc.)
 - Link na web á Plataforma de emprego da USC.
 - Vídeos de orientación laboral realizado por exalumnado do Centro.
- Mesa redonda de saídas profesionais da Química. Xornada na que recoñecidos profesionais do ámbito da Química explican a súa traxectoria profesional e resollen dúbidas ao estudantado do Centro.
- Reunión informativa e de orientación sobre a oferta de formación de postgrao (Másters que se imparten no Centro).
- Acto de Graduación.

ALUMNADO DE DOBRE GRAO

O estudantado de dobre grao (Química e Bioloxía, Física e Química), ademais da accións titoriais de cada Facultade, teñen planificadas as seguintes actividades:

- Inicio de estudos. Reunión informativa dos coordinadores dos graos sobre o

desenvolvememnto do dobre grao.

- Reunións periódicas con estudantado de dobre grao para facer un seguimento do dobre itinerario.
- Reunión informativa dos coordinadores dos graos sobre o desenvolvemento do TFG nas dúas titulacións implicadas na materia. Explícase a normativa de TFG de cada centro (oferta, adxudicación, avaliación, etc)
- Acto de graduación.

ACTUACIÓNS DE APLICACIÓN XERAL PARA TODO O ESTUDANTADO

- Cursos específicos de interese para o alumnado de Química (competencias informáticas, seguridade no laboratorio e escritura científica).
- Manterase informado a todo o alumnado das convocatorias que lle poida ser de interese a través da páxina web da Facultade e correo electrónico.
- Accións de seguimento: en cada un dos cursos, a persoa coordinadora do curso porase en contacto co alumnado delegado do curso e profesorado que corresponda á metade e ao final de cada semestre.
- Formación extracurricular en Química. Ao longo do curso organizarase un programa de conferencias/charlas, baixo o epígrafe “Reactiva a túa Química”, que poñan en contacto ao estudantado co ámbito profesional e empresarial do sector, así como charlas de contido científico.
- Colaboración co Colexio Oficial de Químicos de Galicia en diferentes actividades formativas.

4.2. TITULACIÓNS DE MÁSTER IMPARTIDAS NA FACULTADE DE QUÍMICA

O Plan de Acción Titorial da Facultade de Química tamén é obxecto de aplicación nas titulacións de Máster impartidas no Centro:

- Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial
- Máster en Química Orgánica
- Máster en Química Teórica e Modelización Computacional
- Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais

Os tres primeiros son másteres interuniversitarios e o último é un máster con docencia na Facultade e no Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS).

O desenvolvemento do Plan de Acción Titorial nestes títulos levarase a cabo a través dos coordinadores do Máster, co apoio das Comisións Académicas respectivas.

O estudantado de mestrado pode contactar sempre que o precise coas persoas coordinadoras, que actúan como titores/as académicos. Os contactos realízanse por correo electrónico, vía telefónica, videoconferencia (Microsoft Teams) ou presencialmente, con cita previa, en caso de ser necesario.

Ademais, dende a coordinación de cada Máster, crearase unha listaxe de distribución cos enderezos electrónicos de todo o alumnado que se empregará para informar sobre aspectos de alcance xeral. Por exemplo: as notificacións sobre novidades, reunións,

recordatorios sobre datas relativas ao Traballo Fin de Máster, ofertas de emprego, etc. A páxina web de cada título debe recoller tamén esta información relevante.

ACTUACIÓNS A REALIZAR EN CADA MÁSTER

As actuacións en orientación e titoría planificadas para o estudiantado dos Másters que se imparte na Facultade son as seguintes:

- Sesión informativa ao inicio do curso sobre o desenvolvemento do Máster: presentación dos coordinadores, webs oficiais do título, introdución ao Campus Virtual da USC, descrición das modalidades do máster, etc.
- Sesión informativa específica sobre normativa e desenvolvemento das materias Iniciación á investigación ou Proxecto e Traballo de Fin de Máster.
- Acto de Graduación.

5. Indicadores de Seguimento

Os indicadores que se empregarán para valorar o desenvolvemento das Actividades de Orientación e Formación serán o *número de actividades desenvolvidas* o longo do curso e a asistencia e/ou participación en cada unha delas.

3. Seguimento e Revisión do PAT

Ao finalizar cada curso académico, a revisión do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial levarase a cabo mediante unha avaliación dos resultados recollidos a través dos indicadores de seguimento detallados no apartado 2 (actividades, destinatarios e responsables). De xeito complementario poderanse programar enquisas propias do Centro que serán informadas na Comisión de Calidade. O órgano responsable da revisión da eficacia do PAT é a Comisión de Calidade, tal e como establece o proceso PC-03 (apoio a estudantado) do Manual de Procesos. O seguimento e revisión do PAT servirá fundamentalmente para recoller as dificultades e problemas de aplicación das diferentes accións e as suxestións de mellora, co fin de adaptalo ás características e necesidades do estudantado do Grao en Química e dos diferentes Másters impartidos no Centro.